



## FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)

15008 - La Coruña

Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183

www.fgpatinaje.com – Email: secretaria@fgpatinaxe.gal

CIF: G15070451



DEPORTE  
GALEGO

CIR-013/23

## 2ª TECNIFICACION LIBRE INDIVIDUAL FGP 2023

A Federación Galega de Patinaxe a través do seu Comité de Patinaxe Artística convoca a **2ª tecnificación da modalidade de libre** para os días **03 e 04 de abril** na localidade de **O Pino, O Pedrouzo**.

Esta convocatoria está orientada á formación de adestradores/as.

Non se centra en tecnificar a patinadores/as dun xeito específico (como viña sendo habitual ata o de agora). Polo que neste caso, os/as patinadores/as que estarán presentes na mesma serán escollidos/as de clubs pertencentes aos Sectores Norte e Sur da provincia da Coruña; servirán de modelos para as explicacións e correccións dos técnicos encargados da formación a adestradores/as.

A tecnificación será impartida por técnicos internacionais; **Rosa García** será a técnica responsable da modalidade de libre, e, **Mario Lago** o encargado da parte de danza orientada a esta modalidade, máis concretamente: aos components: skaing skills, transitions...

Se ben non se respetan os prazos das tecnificacións tal e como están na normativa, é debido ós numerosos problemas de datas e de dispoñibilidade dos técnicos da RFEP.

Aqueles/as adestradores/as, con licencia federativa en vigor pola Federación Galega de Patinaxe, interesados/as en participar nesta formación deberán comunicalo ao Comité de Patinaxe Artística ata o venres 31 deste mes de marzo as 20:00 horas.

Precísase un número mínimo de inscritos para realizar a actividade.

A formación levarase a cabo en dúas xornadas; luns 03 de abril de 09.30 a 13.30 e de 16.30 a 20.30, e, o martes 04 de 10.00 a 14.00 hs.

A continuación detállase a localización da instalación deportiva onde se desenvolverá a tecnificación:

PAVILLON MUNICIPAL DE O PINO **PISTA:** CEMENTO **SEDE:** CONCELLO DE O PINO  
Calle de Pedrouzo 15821 O Pino

<https://maps.apple.com/?q=42.908410,-8.363517&sll=42.908410,-8.363517&ssp=0.001611,0.003806>

Comité de Patinaxe Artística

Vigo, 29 marzo 2023